

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 29 de marzo de 2023 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de acceso, polo sistema de concurso-oposición, previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector (código de procedemento PR461L), convocado pola Orde do 10 de xaneiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro).

No *Diario Oficial de Galicia* número 28, do 9 de febreiro de 2023, publicouse a Orde do 10 de xaneiro de 2023 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca proceso selectivo de acceso, polo sistema de concurso-oposición, previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector.

O 28 de febreiro, o *Boletín Oficial del Estado* publicou a Resolución do 9 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a convocatoria do proceso selectivo de acceso, polo sistema de concurso-oposición, previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector. Esta publicación, tal e como indica a propia convocatoria, abría o prazo de presentación de solicitudes, que finalizou o 28 de marzo de 2023.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo co expresado na devandita orde de convocatoria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo de acceso, polo sistema de concurso-oposición, previsto no artigo 38.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no corpo da Policía Local de Xinzo de Limia, escala executiva, categoría de inspector convocado pola Orde do 10 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).

A listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública, <http://agasp.xunta.gal>



A listaxe provisional de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

A listaxe provisional de persoas exentas e non exentas da realización da proba de coñecemento da lingua galega poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública, <http://agasp.xunta.gal>

Tal e como dispón a convocatoria no seu punto 4.2, as persoas excluídas e as persoas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

Así mesmo, as persoas aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo co obxecto de formular reclamación.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán excluídas definitivamente.

As listaxes publicadas na páxina web da Agasp serán as consideradas como válidas.

A Estrada, 29 de marzo de 2023

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

Listaxe provisional de persoas aspirantes excluídas

NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Motivo da exclusión (cód.)
***0226**	Estévez	Franco	José Manuel	1

Causas de exclusión.

Cód.	Descrición
1	A documentación presentada non acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na base 2.j) da convocatoria

